

TEMA 2. Breve introdución a aprendizaxe electrónica móbil.

Atendendo unicamente ao nome podemos falar de que a **“aprendizaxe electrónica móbil”** (en adiante AEM) é un xeito de ensinar/aprender utilizando dispositivos móbiles pero é moito máis que iso, de feito existe desde finais do século XIX cando os profesores Toussaint e Langenscheidt ensinaron lingua en Berlín por correspondencia.



Portada do método de Toussaint e Langenscheidt

Internacionalmente considerase ese momento como o primeiro achegamento ao ensino-aprendizaxe a distancia e desde ese momento foi evolucionando incorporando novas metodoloxías e sobre todo tecnoloxías e recursos.

Antes de continuar debemos facer unha clara diferenciación entre “e-learning”, “b-learning” e “m-learning” (para nos AEM).

Falamos de **“e-learning” (electronic learning)** cando o proceso educativo lévase a distancia e está baseado no uso das novas tecnoloxías e Internet. Un exemplo claro sería a realización desta formación onde os contidos están a disposición do alumnado aloxados nunha plataforma formativa que ademais do acceso aos contidos a través da rede permite o **comunicación de xeito sincrónico e asincrónico** co resto do alumnado e co docente.

Por **“b-learning” (blended learning)** entendemos unha formación en inicio semellante ao “e-learning” pero que inclúe un marcado carácter semipresencial onde se desenvolven tanto titorías cos docentes como posibles actividades grupais.

En último lugar temos o **“m-learning” (mobile learning) ou AEM** que se caracteriza fundamentalmente por levarse a cabo con dispositivos portátiles como “teléfonos intelixentes” ou smartphones ou tabletas. Diferenciase dos anteriores por o marcado carácter multimedia que teñen as súas actividades formativas. Polo xeral os contidos estarán distribuídos de xeito diferente aos anteriores casos.

Tamén aclararemos que a concepción durante esta formación sobre o AEM será unha **mestura entre o “b-learning” e o AEM** xa que basearemos a nosa docencia no uso de dispositivos tales como teléfonos ou tabletas pero sempre dun xeito titorizado.



No ano 2005 o profesor Michael Simonson da universidade Nova Southeastern University de Florida, nos Estados Unidos elaborou unha clasificación destas tecnoloxías utilizadas:

- Correspondencia


 Geschützt unter Nr. 105 360 und 106 366
 BRIEFLICHER SPRACH- UND SPRECH-UNTERRICHT
 für das
 SELBSTSTUDIUM DER SPANISCHEN SPRACHE

von
Prof. Dr. S. Gräfenberg
 Oberlehrer an der Städtischen Handels-
 lehranstalt zu Frankfurt am Main



unter Mitwirkung von
D. Antonio Paz y Mélia
 Oberbibliothekar an der National-
 bibliothek zu Madrid

ALS MANUSKRIFT GEDRUCKT ALLE RECHTE VORBEHALTEN

7. Brief | **Spanisch** | **Abschnitt 227–264**

Grammatisches Inhaltsverzeichnis: Redensarten betr. Zeit [232]. — Vergleichungsgrade [233]. — Unregelmäßige Komparation [234]. — Je ... desto [235]. — Ebensoviel ... wie [236]. — „Als“ nach dem Komparativ [237]. — Vom Verbund [245]. — Die verschied. Arten der Verben [246]. — Hilfszeitwörter [247]. — Tätige od. transitive Zeitwörter [248]. — Neutrale od. intransitive Zeitwörter [249]. — Reflexive Zeitwörter [250]. — Reziproke Zeitwörter [251]. — Unpersönliche Zeitwörter [252]. — Wiederholung [253]. — Modus [254]. — Tempus [255]. — Singular und Plural des Subjekts [256]. — Je 3 Personen für Singular u. Plural [257]. — Konjug. der Hilfsverben [258]. — Bemerkungen zu den Hilfsverben [259].

Um den Schüler nach und nach möglichst selbständig zu machen, beschränken wir von nun an die Angabe der Bindung auf A. Text und J. Gespräche.

13. Lektion.

Wer liebet Ehr' und Preis, — scheu' auch nicht Müß' und Fleiß!
(Sprichwort.)

227. (Übung 1—4) A. Text. [Zgl. 59 u. Arbeitsplan]

Cada noche **1** se iban reduciendo] más sus ganancias. Por un
 ka'-da no'-tʃe ʃe 'i'-ban Re-du-zí'e'n-do ma'ʃ ʃuʃ ga-na'n-z'aʃ. po-r_u'n
 Jeden Abend sich gingen zurückgehend mehr seine Einnahmen. Auf einer

lado **2** la necesidad de seguir siempre adelante,] y por otro **3** la
 la'-do la ne-z'e-ʃi-da'z de ʃe-gi'r ʃi'e'm-pre_a-de-la'n-te, i po-r_o'-tro la
 Seite die Notwendigkeit weiterzugehen immer vorwärts und auf der andern der

falta de novedad,] que **4** en España] se paga siempre muy cara,
 fa'l-ta de no-we-da'z, ke_e-ne-ʃ-pa'-nja ʃe pa'-ga ʃi'e'm-pre mu'i ka'-ra,
 Mangel an Neuem, das in Spanien sich bezahlt immer sehr teuer,

le iban privando todos los días de algunos céntimos. Con los que
 le 'i'-bam pri-va'n-do to'-doʃ loʃ dí'-aʃ de_al-gu'-noʃ ze'n-ti-moʃ. kon loʃ ke
 ihn gingen beraubend alle die Tage einiger Centimos. Mit denen, die

traía á casa al retirarse **5** apenas podía introducir en el
 tra-i'a a ka'-ʃa al Re-ti-ra'r-ʃe a-pe'-naʃ po-di'a_in-tro-du-zí'-r_e-n_e-l
 er brachte nach Hause beim sich heim begeben, kaum er konnte einführen in den

estómago algo] **6** para no morirse de hambre.] Su situación **7** era
 eʃ-to'ma-go_a'l-go pa'-ra no mo-ri'r-ʃe de_a'm-bre. ʃu ʃi-tua'-z'o'n_e'-ra
 Magen etwas, um zu nicht sterben vor Hunger. Seine Lage war

- Medios pre-gravados



Método para o ensino de guitarra a distancia

- Son bidireccional
- EN Son bidireccional con gráficos
- Vídeo en vivo unidireccional
- Son bidireccional con vídeo unidireccional
- EN Son e vídeo bidireccional

Temos que ter en conta que aínda que esta clasificación está organizada de xeito que **segundo vai evolucionando a tecnoloxía van xurdindo novos métodos e posibilidades** pero iso non quere dicir que as anteriores deixen de empregarse.

Un exemplo claro témolo no primeiro punto desa clasificación: a correspondencia. Evidentemente non empregamos o correo postal para impartir ou avaliar ningún coñecemento pero si que empregamos a súa evolución tecnolóxica: o correo electrónico.

Por exemplo nunha plataforma como esta, na que tedes a vosa disposición todas as posibilidades enumeradas por Simonson a comunicación principal entre alumnos/as e docentes realízase polo primeiro apartado da súa clasificación: a correspondencia, ben sexa mediante o propio sistema de mensaxería da plataforma ou correos electrónicos.

Unha vez feita esta introdución si debemos deixar claro que na actualidade, e máis polo miúdo nesta formación, falamos de “Aprendizaxe Electrónica Móbil” ou “Mobile Learning” (M-Learning) referíndonos ao emprego de dispositivos portátiles e as ferramentas que ben están incluídas nos propios dispositivos ou que se instalan de fontes externas.

Como xa veremos no segundo tema desta formación falamos de “hardware” cando nos referimos ao dispositivo e de “software” cando falamos das aplicacións instaladas nel e que nos permiten empregalo con finalidade docente.

Segundo un estudo profesora británica Carol Savil-Smith os docentes que empregan AEM consideran importante a introdución destes novos métodos de aprendizaxe na aula polos seguintes motivos:

- A AEM **apoia** o proceso ensino-aprendizaxe no canto de substituílo totalmente
- Os **dispositivos portátiles** son máis lixeiros e manexables que os libros e ordenadores.
- É importante introducir as **novas tecnoloxías na aula**
- Poden resultar **moi útiles en alumnos/as con ACNEAE** (Alumnos con necesidades educativas especiais)
- Poden ser empregados como un “gancho” para reincorporar a alumnos/as sen **motivación**
- A AEM pode usarse para **diversificar as actividades** de aprendizaxe dentro dunha mesma sesión convencional

Nesta última década a AEM foi mudando desde unha minoría con capacidade de acceso aos dispositivos axeitados ata a actualidade, onde practicamente todos, incluídos alumnos/as, dispoñen dun dispositivo móbil, xa sexa un teléfono ou unha tableta, onde poder instalar aplicacións coa que realizar algún tipo de AEM, xa sexa formal ou informal.

O uso de dispositivos móbiles persoais nos centros de educación primaria e secundaria está certamente controlado ou totalmente prohibido pero ao longo desta formación programaremos varias actividades para tratar de darlle un uso con fines claramente educativo a eses dispositivos.

Isto débese a democratización no acceso a estes dispositivos. O seu baixo custo actual contrasta claramente co de fai tan só uns anos. Na actualidade por un 15% do salario mínimo interprofesional temos acceso a mercar un teléfono móbil ou unha tableta con total funcionalidade para realizar tarefas de AEM. Isto, unido a mellora nas capacidades dos propios dispositivos, fai posible que na actualidade a AEM sexa unha realidade.

Como funciona a AEM?

Mediante este sinxelo diagrama podemos ver de forma rápida o xeito no que todos os factores que dalgún xeito compoñen a AEM relaciónanse para dar lugar a ela.



No diagrama observamos claramente os tres aspectos fundamentais que forman a AEM: dispositivo, alumno/a e necesidades educativas.

Dispositivo

Aínda que o tema 2 desta formación está dedicado a coñecer tanto os dispositivos como as aplicacións imos facer unha breve introdución neste punto.

Na actualidade temos que considerar principalmente dous dispositivos cos que poderemos realizar AEM: tabletas e teléfonos móbiles. Aínda que estritamente poderíamos falar de realizalo con calquera dispositivo autónomo, como reprodutores de MP3, ordenadores portátiles, etc. Imos considerar que a día de hoxe a meirande das tabletas e teléfonos poden traballar sen problema contidos que precisen funcións tales como a reprodución de contido multimedia (fotos, son e vídeo) e acceder a unha das características máis importantes destes dispositivos: a conectividade a Internet.

Esta posibilidade de acceder a novos contidos inmediatamente, ben sexa mediante unha conexión sen fíos a nosa rede de Internet ou ben mediante o noso operador telefónico, é un avance comparable ao xa falado de “democratización” no acceso a estes dispositivos ou mesmo o seu desenvolvemento para mellorar características como portabilidade, duración das baterías e manexo táctil.

É precisamente esa capacidade táctil é o que fai que sexan excepcionalmente doadas de empregar para os nenos/as. Aínda que fai uns 50 que existen as pantallas táctiles non foi ata 2007 cando marcas como Apple ou Nokia comezaron a implantalas de xeito masivo nos teléfonos móbiles e tabletas.

Segundo o psicólogo clínico e educacional Roberto Balaguer o feito da pantalla táctil non só esta relacionado con feito de “tocar” se non que está intimamente ligado ao acto visual de explorar. Todos coñecemos a fascinación dos máis cativos con estes dispositivos e o rápido que adquiren destrezas básicas para o seu manexo. Isto fai incluso que se estea comezando a empregar o termo “xeración touch”.

Necesidades Educativas

É fundamental un análise das necesidades educativas as que queremos aplicar este tipo de aprendizaxe. A priori todos os contidos son susceptibles de ser traballados con estes novos métodos de aprendizaxe pero debemos avaliar as situacións tanto desde o punto de vista dos propios contidos como posibilidades de uso da AEM.

Debemos ser realistas e analíticos cando valoramos empregar a AEM por primeira vez nun eido concreto. Pode que estas cuestións nos axuden.

- Estamos satisfeitos co ensino convencional deste contido?
- Queremos empregar AEM como complemento ao ensino convencional?
- Dispoñemos dalgunha “app” axeitada para este contido?
- Como se adecúan as características dos nosos dispositivos ao contido?
- Poden interactuar os alumnos/as entre eles e co docente empregando o dispositivo?

Alumno/a

Ao igual que acontece co sector das “necesidades educativas” a AEM é susceptible de empregarse con calquera alumno/a ou grupo deles e tamén como no anterior caso podemos realizar algunhas preguntas que nos axuden a valorar a situación.

- Que nivel de competencia tecnolóxica teñen os alumnos/as?
- Realizaron algunha vez unha tarefa de AEM?
- No caso de que a realizaran. Cal foi a avaliación que fixemos do seu uso?
- Cal é o nivel de motivación dos alumnos/as no emprego da AEM?
- Poden continuar formándose ao abandonar o aula?

A creación de ferramentas para AEM está en pleno desenvolvemento. Unha das que destaca é a aplicación (app) “Mobi21” que na súa páxina web propón este esquema de funcionamento da AEM ou m-learning. Nela fan unha diferenciación de tres tipos de AEM, unha baseada no uso da web e ordenadores convencionais, onde destacan a colaboración e a capacidade de avaliación, outra baseada nas apps e outra baseada posiblemente no fenómeno actual máis empregado nos nosos dispositivos móbiles: a comunicación mediante pequenas mensaxes, tanto de texto como de voz.



En resumo podemos afirmar que a AEM é un camiño ao ensino con ferramentas tecnolóxicas de uso cotiá, nun principio non deseñadas para un fin educativo pero que agora, mesturando dispositivos, docentes e alumnos/as convértese en poderosas ferramentas para complementar a nosa tarefa na aula.